



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

O Concello de Mondoñedo solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62673.

As obras solicitadas consisten na conservación e mellora do camiño de Tronceda ao parque eólico da Serra da Toxiza; na parroquia dos Remedios, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 21 de novembro de 2018, a xefa do Servizo Territorial de Lugo - Rocío Carreira Carral.

R. 3352

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

O Pleno do Concello de Alfoz, en sesión ordinaria de data 22 de novembro de 2018 aprobou a modificación do artigo 5 do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 (BOP n.º 15, do 19 de xaneiro de 2018) , que se publica a continuación:

Modificación do artigo 5. Liñas de subvención e os seus obxectivos estratéxicos, engandindo unha Liña 4: Fomento da saúde animal.

5.4. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE SAÚDE ANIMAL.

a) Obxectivo estratéxico: Fomentar a protección da saúde e benestar animal no concello de Alfoz.

b) Obxectivos específicos:

- Protección dos animais , especialmente de razas tradicionalmente vinculadas ao acompañamento doméstico.
- Evitar a propagación de enfermidades entre animais domésticos .
- Evitar o abandono indiscriminado de animais que poñan en risco a seguridade cidadán en vial.
- Fomentar actuacións de mellora das condicións de vida de animais abandonado e evitar o seu maltrato.
- Fomento da adopción de animais abandonados.

c) Prazo: convocatorias anuais.

d) Costes previsibles: Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiación: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión será, con carácter xeral, subvención nominativa prevista nas bases de execución do orzamento, ou subvención por concesión directa.

g) Plan de actuación: o plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica realizarase a través de convenio.

En Alfoz, a 26 de novembro de 2018.- O Alcalde, Jorge Val Diaz.

R. 3361

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 22/11/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 22/01/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de novembro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3354

CARBALLEDO

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 22 de novembro de 2018 polo Pleno deste Concello, o Orzamento Xeral as Bases de Execución e a Plantilla de Persoal para o exercicio 2019, exponse ao público polo prazo de quince días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 23 de novembro de 2018.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3355

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14/11/2018 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro do 2018.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a outubro 2018 terá lugar neste municipio dende o día 15 de novembro de 2018 ata o día 14 de xaneiro de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 14 de novembro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3356

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/11/2018 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a novembro-2018.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes novembro 2018 terá lugar neste Municipio dende o día 22 de novembro de 2018 ata o día 22 de xaneiro de 2019.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 21 de novembro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3357

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS

SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde – Presidente mediante Resolución núm. 2018-585 do 23 de novembro de 2018 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao terceiro trimestre de 2018 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“ **PRIMEIRO.** Avogar con carácter exclusivo ao presente expediente, a competencia recollida no punto terceiro. 11 da Resolución da Alcaldía núm. 303/2015 do 20 de xullo de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 62.875,07 € (IVE incluído) correspondente ao 3º trimestre de 2018 e polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
3º T 2018	27.203,99	19.986,77	544,29	12.416,05	2.723,97	62.875,07

TERCEIRO. Aprobar os padróns complementarios polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga correspondentes ao 4ºT de 2016 por importe de 460,52 €, 3ºT de 2016 por importe de 555,11 €, 2ºT de 2016 por importe de 322,60 €, 1ºT de 2016 por importe de 314,86€, 4ºT de 2015 por importe de 298,98 €, 3T de 2015 por importe de 165,68 €, 2T de 2015 por importe de 251,15 € e 1T de 2015 por importe de 143,38€.

CUARTO. Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido na modificación do calendario fiscal do ano 2018:

Padrón	Período voluntario de cobro
3º Trimestre 2018	Do 13/11/2018 ao 13/01/2019

QUINTO. Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito (...).”

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Banco Pastor e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 25 de novembro de 2018.- O Alcalde. Armando Castosa Alvariño.

R. 3358

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 13 de novembro de 2018, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo, sumidoiros e depuración, correspondentes ao 5º bimestre de 2018, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de novembro de 2018 e o 15 de xaneiro de 2019.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 22 de novembro de 2018.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 3359

Anuncio

APROBACIÓN E EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO PADRÓN-MATRÍCULA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VIA PUBLICA (VADOS) PARA APARCAMIENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHICULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE

Por Decreto desta Alcaldía de data, foi aprobado o anterior Padrón-Matrícula para a anualidade 2018, por importe de //21.350,79 €///.

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en vía voluntaria é o comprendido entre o 15 de decembro de 2018 e o 15 de febreiro de 2019.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral da recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Foz, 23 de novembro de 2018.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.

R. 3360

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través de Decreto número 18009034 aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de maio de 2018, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 2 de novembro ata o día 3 de decembro de 2018 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 12 de novembro de 2018.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN, (Decreto nº 16008543 do 9 de novembro de 2016), Xosé Daniel Piñeiro Villares

R. 3362

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL 2018

Aprobada inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data de 26 de novembro de 2018 a modificación do cadro de persoal do expediente do orzamento de 2018, incluíndo outra praza de policía de vacante por pase a segunda actividade, con arranxo ó previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ó público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, ós efectos de reclamacións e alegacións; de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 27 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 3372

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 27/09/18 acordou aprobar inicialmente a modificación de ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas e de recreo municipal do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 9 de outubro de 2018 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E DE RECREO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONTERROSO.

Artigo único

“Modifícanse os artigos 4, 5 e 6 da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas e de recreo municipal do Concello de Monterroso coa redacción que se expón a continuación:

ARTIGO 4.-COTAS

As tarifas serán as seguintes:

A) Pavillón municipal

Práctica de deporte regular 5 €/1:30 horas

Aniversarios 25 €

Partidos entre rapaces

Horario do espazo Gratuíto

Fora de horario 5 €

B) Auditorio

Práctica de deporte regular 5 €/1:30 horas

Aniversarios 25 €

Partidos entre rapaces

Horario do espazo Gratuíto

Fora de horario 5 €

C) Salón de Actos Centro Sociocultural 100 €

D) Carpa 70 €

E) Pistas de Pádel

1:30 h. sen luz 4 €

1:30 h. con luz 6 €

Todos estes prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente.

ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS

1. Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións deportivas e seguir as instrucións do persoal encargado das ditas instalacións.

2. Non estarán suxeitas a este prezo aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados.

3.- As solicitudes para a utilización destas instalacións deberán presentarse coa suficiente antelación e por escrito no Espazo Cultural Lorenzo Varela salvo no caso das pistas de padel que deberán reservarse no número telefónico habilitado a tal efecto.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Estarán exentos dos prezos públicos establecidos nas letras A), B) ,C) e D) as asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións

Monterroso, 23 de novembro de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 3363

PALAS DE REI*Anuncio*

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria de data 22 de novembro de 2018 o orzamento xeral, bases de execución e a plantilla de persoal para o exercicio económico 2019, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Palas de Rei, 26 de novembro de 2018.- O alcalde-presidente, Pablo José Taboada Camoira

R. 3373

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN N.º 1 MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

D./D^a. ANA GARCIA MALLO, Letrado de la Administración de Justicia de XDO.1A.INST.E INSTRUCCIÓN N.1 de MONFORTE DE LEMOS, por el presente, HAGO SABER:

1º.- Que en los autos seguidos en este órgano judicial con el nº SECCION I DECLARACION CONCURSO 0000393 /2018 y NIG nº 27031 41 1 2018 0000842, se ha dictado en fecha 14-11-2018 **AUTO DE DECLARACIÓN DE CONCURSO NECESARIO** de los deudores D. CARLOS FERNANDEZ MARTINEZ, D^a EVA VEIGA ARIAS, con DNI nº 34255952, 34251975F, cuyo centro de intereses principales lo tienen en el Partido Judicial de Monforte de Lemos.

2º.- Las facultades de administración y disposición de los concursados han quedado en suspenso. Se ha designado, como Administración concursal a D. SALUSTIANO VELO SABÍN, con domicilio postal en PLAZA MAYOR, 30-4º, 27001-LUGO y dirección electrónica señalada, salustiano.velo@sace.es, para que los acreedores, a su elección, efectúen la comunicación de créditos.

3º.- Igualmente se ha acordado el llamamiento de los acreedores para que comuniquen a la Administración Concursal designada la existencia de sus créditos que deberán efectuar conforme a lo previsto en el artículo 85 de la LC, a la dirección postal o electrónica indicadas en el punto anterior, en el plazo de UN MES a partir de la última fecha de publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

En MONFORTE DE LEMOS, a catorce de noviembre de dos mil dieciocho.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**

R. 3364

MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDOGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/28717

Manuel López López con D.N.I.: 33849157 Bsolicita autorización para la tala de árboles que afectan al dominio público hidráulico, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego da Chaira

RIBERA: ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 14 robles

LUGAR: Parcelas 264 y 978 del polígono 1

PARROQUIA: Vilasante (Santa Cruz)

TÉRMINO MUNICIPAL: O Páramo

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que puedan presentar, los que estén interesados, peticiones en competencia y compatibles con la anunciada, durante el indicado plazo, en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3365

Anuncio

Expediente: A/27/25516

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de noviembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Monte Vecinal en Mano Común de Entrambasaguas, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,1 l/s de agua procedente del manantial Fonte do Cotón sito en el monte vecinal, en la parroquia de Entrambasaguas (Santiago), término municipal de Guntín (Lugo), con destino a extinción de incendios.

Lugo, 19 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3366

Anuncio

Expediente: A/27/26465

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de noviembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a María Jesús Lema Pérez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,006 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de Perros, parroquia de San Romao da Retorta (San Romao), término municipal de Guntín (Lugo), con destino a usos domésticos.

Lugo, 19 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3367

Anuncio

Expediente: A/27/25606

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 25 de octubre de 2018 y como resultado

del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Inesio Lage Río, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,028 l/s de agua procedente del manantial Fonte da Laga do Campo, en el lugar de Landriz, parroquia de Milleirós (Santiago), término municipal de Pol (Lugo), con destino a riego de 0,25 has.

Lugo, 19 de noviembre de 2018.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 3368
